

DECEMBRO 2019

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Decembro 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS	6.241.550	2,8%	239.969	8,2%
NOITES	16.906.376	1,5%	460.031	11,1%
ESTADÍA MEDIA	2,71	-1,3%	1,92	2,7%
% OCUPACIÓN	47,43%	0,24	29,99%	2,9%
% OCUPACIÓN Fds	56,52%	1,61	40,83%	5,60

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de decembro rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 8,2% e o volume de noites un 11,1% en relación ao mes de decembro de 2018.
- É o quinto ano consecutivo no que se incrementa a demanda hoteleira no conxunto da comunidade neste mes de decembro, a taxas ademais constantes que se sitúan no contorno do 8% interanual agás en 2019 que ascende ao 11%. Esta dinámica coloca o nivel final de demanda en 460 mil noites, a cifra máis elevada da serie histórica e con certa diferenza respecto do valor máis próximo que se rexistraba en 2018 con 415 mil noites.
- No relativo ao volume de viaxeiros aloxados a evolución é parella. Neste caso son sete anos consecutivos de incremento neste último mes, a taxas variables, que sitúan a cifra final de 2019 en 240 mil –tamén neste caso a cifra máis elevada da serie histórica–.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de algo máis de 18 mil viaxeiros aloxados e de case 46 mil noites en relación ao mes de decembro de 2018.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo semellante pero de menor intensidade. No conxunto de España increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 2,8% e o volume de noites un 1,5% en comparación co mes de decembro de 2018.
- Esta dinámica vén como consecuencia de contrapoñer comportamentos dispares a nivel das comunidades autónomas. Neste sentido sobe o nivel de demanda en once delas sendo Aragón o destino de mellor comportamento relativo, isto é, a comunidade que rexistra o crecemento de maior intensidade neste último mes do ano cun 13,2% interanual. Galicia sitúase a continuación, coa suba do 11,1% no volume de noites, por diante de Navarra –co 8,7%– e Cantabria –co 5,2% neste caso–. Son todos destinos do norte peninsular algúns dos cales teñen unha notable presenza do turismo de montaña e de neve. Galicia métese neste grupo coa segunda taxa de crecemento máis elevada do conxunto de España.
- No lado contrario os destinos que presentan os incrementos de menor intensidade son Madrid e Cataluña –con subas do 1% interanual–.

- Dous destinos –País Vasco e Castela A Mancha- mantéñense nos niveis do pasado ano mentres que os catro restantes presentan neste mes caídas de diversa intensidade, máis suaves en Baleares –levemente por encima do 1%- e máis acusadas en Murcia –comunidade na que o volume de noites hoteleiras cae un 6,0% en relación ao pasado ano-.
- En termos de viaxeiros aloxados a situación é relativamente parella. Incrementábase en once comunidades, sendo Cantabria e Aragón as que presentan as subas de maior intensidade con máis dun 11%, mantense estable en tres e descende nas tres restantes –sendo neste caso Estremadura o destino de peor comportamento relativo-.
- Consolídase neste mes de decembro a serie de crecementos consecutivos da demanda que se viñan rexistrando desde desde novembro de 2018 –coa excepción da caída rexistrada en marzo-. Son, por tanto, trece meses case consecutivos de comportamento positivo que xeran crecemento global nas tres temporadas –alta, media e baixa-.
- Canarias –con máis de 5,4 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de decembro –absorbendo o 32,0% do total estatal-. Acontece isto novamente neste ano logo do liderazgo acadado por esta comunidade nos primeiros meses, xustamente na temporada baixa –no primeiro trimestres supoñía o 30% do total- e tamén en novembro. De maio a setembro foron Cataluña e Baleares, en períodos diferentes, os destinos de maior peso no conxunto do Estado. Cambia, por tanto, a dinámica turística no conxunto do Estado na temporada media e alta en relación ao observado na temporada baixa.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con máis de 2,4 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 2,4 millóns-, Madrid –con pouco máis de 2,0 millóns- e a C. Valenciana –con preto de 1,5 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 81% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe restante repártese no resto do territorio.
- Galicia ocupa neste mes a sétima posición –por detrás das cinco anteriores e de Castela e León- representando o 2,7% do total estatal. Acontece isto igual que no cuadrimestre de xuño a setembro e no mes de novembro –períodos nos que Galicia ocupa a sétima posición- e a diferenza dos restantes meses nos que ocupaba a oitava posición –neste caso é Baleares a que desaparece dos primeiros postos do ranking-. A nosa comunidade mellora a súa posición no contexto estatal nos meses centrais do ano, co seu peso máis alto en agosto cun 3,3% do total de España. No final da temporada media e na baixa Galicia pasa a ocupar o oitavo lugar agás en novembro e decembro.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- incrementábase neste mes de decembro, un 3,4% en particular, como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros residentes mantense relativamente estable en relación ao pasado ano. Sobea a demanda interna por quinto ano consecutivo, circunstancia que coloca o nivel final deste ano preto de 169 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos doce anos-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- rexistra un notable incremento neste mes superando nun 24% a cifra de viaxeiros españois e nun 22% o volume de noites de decembro de 2018. Este forte crecemento da continuidade a unha serie de subas consecutivas desde o 2013. Son, por tanto, sete anos consecutivos de mellora do mercado receptor nacional en Galicia neste último mes, circunstancia

que coloca o nivel final de 2019 en 225 mil noites –cifra que supón un máximo histórico-. Nunca antes este segmento conseguira superar a barreira das 200 mil noites no último mes do ano.

- O turismo internacional presenta en cambio un comportamento negativo. Rexistra neste mes un suave descenso do volume de noites hoteleiras –do 0,9%- como consecuencia da combinación de dous factores: caída da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 10,2%, amortiguada por unha mellora da estadía media. Cae o turismo internacional logo de presentar cinco anos consecutivos de crecemento neste mes de decembro, circunstancia que coloca o nivel final en preto de 67 mil noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica-.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 14,6% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada baixa que neste ano fica por debaixo da porcentaxe rexistrada en decembro de 2018 –cando representaba o 16,3% do total-. Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o peso do turismo internacional neste último mes do ano nunca superou o 17% de cuota de mercado.
- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 49% do total da demanda hoteleira, cifra importante aínda que inferior á rexistrada na temporada alta cando superaba o 60% do total-. O turismo interno sitúase no 37% do total neste caso.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites nas catro provincias galegas con relativa menor intensidade en A Coruña e Lugo –entorno ao 5% interanual en cada unha delas grazas esencialmente a unha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados varía levemente- e de forma importante en Ourense –cun incremento do 18,5%- e en Pontevedra –do 19,3% neste caso-. En ambas o crecemento da demanda vén provocado en grande medida por unha suba parella da cifra de viaxeiros aloxados.
- Con máis de 185 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 40,3% do total-. Acontece isto novamente neste ano –igual que no primeiro semestre e nos meses de outubro e novembro de 2019- e en contraposición á temporada alta –de xullo a setembro- período no que a provincia de Pontevedra e concretamente destinos do litoral lidera o mercado hoteleiro na comunidade. Na temporada media e baixa é A Coruña a provincia de maior volume e peso no conxunto de Galicia.
- Seguen en orde de importancia neste mes Pontevedra –co 37,5%-, Lugo –co 12,2%- e Ourense –co 10,0% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 78% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico –porcentaxe levemente inferior ás de xullo e agosto e na liña da rexistrada nos anteriores meses deste 2019-. Acentúase no verán e esténdese a setembro a concentración da demanda turística nos destinos do litoral da comunidade en relación ao resto do ano, circunstancia que se aminora no resto do ano.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia increméntase levemente neste mes de decembro –un 2,7% en particular- situándose en pouco máis de 1,9 noites de media. Contraponse esta suba ao descenso observado no pasado ano 2018 e dalgunha maneira confirma o comportamento irregular que a estadía media ten neste último mes do ano.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,9 noites de media, mentres que Castela A Mancha rexistra a cifra máis baixa, por debaixo de 1,7 noites neste caso.

- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas mantense nos niveis do pasado ano-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en tres puntos porcentuais para situarse no 30,0% de media para este mes-. O comportamento do nivel de ocupación vai parello ao da demanda nestes últimos anos, con incrementos continuos desde o 2015 que sitúan o nivel final deste mes de decembro no máis elevado da serie histórica.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia sitúase nunha posición baixa en termos de ocupación hoteleira, superando tan só as cifras de Estremadura, Asturias e Castela A Mancha. Os hotéis e pensións de Canarias rexistran a porcentaxe máis elevada cun 67,8%. No lado contrario as cifras máis baixas localízanse xustamente en Castela A Mancha –cun 28,0% de media neste caso-.
- As tarifas hoteleiras en Galicia estabilízanse neste último mes do ano –nun sentido estrito descenden un 0,3%- situándose en 55,9 euros de media –a cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de decembro con 107,9 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Canarias –con 106,7 euros-, Madrid –con 96,2 euros- e Cataluña –con 90,0 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 86,0 euros de media.
- Os prezos hoteleiros melloran en boa parte das comunidades autónomas –trece en particular– sendo Madrid, Baleares e Aragón os destinos que rexistran o incremento de maior intensidade –por encima do 10% interanual-. Mantéñense estables en Galicia e descenden en tres –sendo A Rioxa a que presenta o descenso máis acusado-.
- Estabilízanse as tarifas neste ano logo de presentar incrementos nos dous últimos anos, manténdose por tanto nos niveis máis altos da década.
- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de decembro –froito dun crecemento da demanda-, prodúcese, por tanto, nun contexto de estabilidade das tarifas hoteleiras. Isto leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2018 –o RevPAR sobe un 11,5% ata situarse en 18,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 83,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de decembro. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan Madrid e Baleares –con 64,7 e 53,6 euros respectivamente-. Galicia marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 18,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar a nivel das comunidades sendo maioría –doce en total- as que superan os niveis do pasado ano –Aragón marca o incremento máis notorio cun 21,0% interanual-. O RevPAR hoteleiro mantense estable en dúas comunidades e descende nas tres restantes –marcando A Rioxa a caída de maior intensidade cun 5,2%-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Decembro 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Decembro 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Decembro 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Decembro 2019




Fig. 5. Evolución da estadia media. Decembro 2011-19




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Decembro 2011-19




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Decembro 2011-19

